

TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA II

A materia de Tecnoloxía e Enxeñaría pretende reunir os saberes científicos e técnicos que, a partir dun enfoque competencial, contribúan á consecución dos obxectivos da etapa de bacharelato e á adquisición das correspondentes competencias clave. A este respecto, desenvolve aspectos técnicos relacionados coa competencia matemática e coa competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, coa competencia dixital, así como con outros saberes transversais asociados á competencia lingüística, á competencia persoal e social e de aprender a aprender, á competencia emprendedora, á competencia cidadá e á competencia en conciencia e expresións culturais.

Tanto en primeiro curso coma no segundo curso de bacharelato é unha **materia propia da modalidade do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.**

Con esta materia preténdese afondar e tratar todas as ramas da Enxeñería, aportando unha base física e os coñecementos necesarios para cursar calquera grao desta rama.

A materia está distribuída en diferentes bloques de contido:

- Proxecto de investigación
- Materiais e fabricación
- Sistemas mecánicos
- Sistemas eléctricos e electrónicos
- Programación, automatización e control

Os contidos propios da materia de Tecnoloxía e Enxeñería II continúan os de Tecnoloxía e Enxeñería I, así temos:

No bloque de «Materiais e fabricación» deberanse abordar as súas propiedades desde un punto de vista macroscópico, estudando os ensaios típicos para a súa medida

No bloque , «Sistemas mecánicos», céntrase nas estruturas desde un punto de vista estático, así como nas máquinas térmicas, na pneumática e na hidráulica dun xeito máis avanzado.

No bloque «Sistemas eléctricos e electrónicos» abordaranse os circuitos eléctricos e as máquinas de corrente alterna e a electrónica dixital.

O bloque «Programación, automatización e control» afronta os sistemas de control desde un punto de vista máis de procesos e avalía sistemas informáticos emerxentes e as súas implicacións na seguridade dos datos, analizando modelos existentes.

O bloque do Proxecto de Investigación trátase como un proxecto transversal ao longo de todo o curso.

A **carga horaria** da materia é de **4 h semanais.**

Para poder cursar esta materia é necesario ter cursado Tecnoloxía e Enxeñería I de 1º de Bacharelato. De non tela cursado habería que demostrar os coñecementos necesarios

mediante unha proba en setembro, en datas marcadas polo Centro. De non superar esa proba, tería que cursarse coma materia pendente durante todo o curso.

A cualificación da materia virá dada pola ponderación entre probas obxectivas, traballo de clase e proxecto e sempre adecuándose aos criterios de cualificación establecidos para as probas da ABAU.